

Homenaxe a Saraibas na Xuntanza de Gaiteiros que se celebra mañá en Fene

Redacción / Ferrol

A veterana banda de folc de San Sadurniño Saraibas é a protagonista da XV Xuntanza de Gaiteiros que un ano máis organiza Airiños de Fene. Será mañá ás 19 horas, na praza do Concello, e alí actuarán a Escola de

Danzas e Gaitas Airiños do Eume, o grupo de cantareiras Xirifeiras e os cantareiros de Bruada, ambos de Airiños de Fene, así como a propia banda organizadora. Finalmente actuará a banda homenaxeada, Saraibas, que este ano celebra o seu 25 aniversario.

DOMINGO 5 OCTUBRE 2003

Homenaxe a Saraibas

Xa van quince anos que **Airiños de Fene** organiza a **Xuntanza de Gaiteiros** que, ademais de amosar o pulo do noso folclore, trata de homenaxear a músicos, entidades e grupos cunha traxectoria exemplar. A nomes como Milladoiro ou os Seivane sumouse onte **Saraibas**. A banda de San Sadurniño leva xa 25 teimudos anos sempre coas ideas sobre a culturas e o país que os viron nacer hai un cuarto de século. Son cos mencionados Milladoiro os pais do actual movemento do folc galego que non sempre ten a memoria desperta para recoñecerllo. En Fene si o souberon facer.